

O novo paseo de Bastiagueiro xa está listo

Responsables da D.X. de Costas do Estado viñeron ve-lo resultado das obras de Bastiagueiro. Percorreron a nova tras-praia, o parque conseguido e as pasarelas sobre Che Guevara. Tamén faláron do Paseo de Mera, e dixeron que a primeira fase, desde Sta. Ana ata Miramar, cun voladiño de madeira sobre a praia pode comezar este ano, pero co historial de atrasos que leva, calquera se fía.



CONCELLO DE OLEIROS

Vivir en Oleiros

Número 7
Febreiro de 2000

Amplíase o Concello

Maior comodidade para facer xestións será o resultado da adquisición do edificio situado enfrente do actual, para acoller diversas dependencias municipais.



As contas municipais do 2000

Un informe para que vexas cómo se goberna o Concello. O Goberno Municipal logrou o respaldo plenario para o presuposto deste ano. Un documento que dá luz verde a numerosas obras e accións tan necesarias para seguir facendo de Oleiros este lugar que tanto che gusta para vivir.

Xa podes solicitar un piso de prezo baixo

Os pisos de prezo económico están a levantar moita expectación entre os veciños. Toda a información en páxina 7.

Santa Cristina, un lugar seguro para o lecer

Queremos ter sempre un vixilante ás costas, ou preferimos esa sensación de liberdade relaxada da que gozamos. Páxina 6.

Convocatorias culturais, deportivas e de ocio para todo o 2000

Páxinas 12, 13 e 15

As obras en curso

Páxina 11

«¡¡Queremos entrar e saír da casa tranquilamente!!»



Fomento «invita» a entrar en Perillo a 120

Limita-la velocidade na Pasaxe, instalar bandas rugosas, un carril de entrada e saída á Rúa Xesteira e amplía-las aceras de Rosalía Castro e As Mariñas son as reformas que se introducirán á saída da Pasaxe.

Reformas que reclamaron os veciños a través da Asociación «A Ría» diante do escalectic que lles montaron á saída da ponte.

Unha obra urbana

Tiveron que lembrar ó Ministerio de Fomento que están facendo unha obra urbana, e non nunha estrada polo medio dun monte. Os cidadáns que queren saír

tranquilamente das súas casas a pé ou en coche.

Aillados

Co escalectic quedaron practicamente aillados dos bancos, os centros culturais... para ir á Coruña teñen que dar a volta a 2 km, diante da gasolinera de Galp; e para entrar desde Oleiros ou Nos, deben cruza-la ponte, dar volta na Coruña e volver a entrar en Perillo.

A obra xa está feita, e hai cousas irremediabes. Pero técnicos de Fomento e do Concello acordaron limita-la velocidade a 40 no medio da ponte e colocar bandas

rugosas desde a ponte á Rúa Xesteira, xa que o semáforo non se pode manter. Tamén será creado un carril de incorporación á Rúa Xesteira, con entrada e saída, levando a parada do autobús á altura da froitería. As aceras entre Rosalía Castro e As Mariñas, así como a rampa que as une, serán ampliadas para facer máis operativa a pasarela.

Unha nova ponte

Eliminar parte do tráfico de Perillo pasa pola construción doutra ponte augas adentro, que conecte Fonteculler coa zona do Graxal-Seixal, e deixe a Avenida das Mariñas como o que é: un dos eixos urbanos de Perillo. Os veciños non teñen porque soportar unha autovía á porta da casa.

Como saber
donde está todo
en Oleiros

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

| | |
|------------------|---------------|
| Dexo | 1.318 |
| Dorneda | 3.220 |
| Iñás | 1.015 |
| Liáns | 6.618 |
| Maianca+Serantes | 2.195 |
| Nós | 3.715 |
| Perillo | 6.160 |
| Oleiros | 2.394 |
| Total | 26.635 |

Os teus teléfonos

| | |
|-------------------------------|--------------------|
| Concello de Oleiros | 981 61 0000 |
| Policia Local (24 horas) | 981 61 0001 |
| Garda Civil de Oleiros | 981 61 0067 |
| Garda Civil urxencias | 062 |
| Xulgado | 981 61 0824 |
| Servizo de augas | 981 61 0602 |
| Mercado municipal | 981 63 8158 |
| Recadación municipal | 981 63 5603 |
| Ofic. Consumidor (Omic) | 981 610000 ext.211 |
| C. Recuperación fauna salvaxe | 981 62 6241 |

| | |
|-------------------------------|-------------|
| Urxencias médicas (24horas) | 061 |
| Centro de Urxencias Sta. Cruz | 981 61 4901 |
| Centro Saúde Perillo | 981 63 8731 |
| Centro Saúde S. Cruz | 981 62 6768 |

Centros municipais de actividades

| | |
|---|-------------|
| Casa da Xuventude | 981 63 6598 |
| C. Cultural As Torres de Sta. Cruz | 981 63 0618 |
| Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castela, 5 | |
| Casa do Pobo de Mera | 981 61 7662 |
| Casa do Pobo de Iñás | 981 63 1240 |
| Casa do Pobo de Nos | 981 66 4257 |
| Casa do Pobo de Dexo-Lorbé | 981 61 8201 |
| Centro Cultural de Montrove | 981 63 8869 |
| Casa da Cultura de Perillo | 981 63 6555 |
| Centro Cultural A Fábrica | 981 63 6598 |
| Casa do Pobo de Dorneda | 981 61 4582 |
| Casa Charry | 981 63 1444 |
| Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros | |
| Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda | 981 62 6692 |
| Pazo dos Vellos Arenaza | 981 63 1240 |
| Castelo de Santa Cruz | 981 63 0618 |

Centros educativos

| | |
|---|-------------|
| C. Formación Isaac Díaz Pardo | 981 63 1706 |
| Escola Infantil Esquio / Dorneda | 981 62 6638 |
| Escola Infantil A Braña / Maianca | 981 61 7505 |
| Escola Infantil O Vilar / Nos | 981 66 4257 |
| Escola Infantil Vilanova / Nos | 981 65 1417 |
| Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo | |
| Escola Infantil O Castaño / Perillo | 981 63 9160 |
| Escola Infantil A Pardela / Os Regos | 981 63 1788 |
| Escola Infantil Río da Loba / Oleiros | 981 61 1544 |
| Instituto Neira Vilas / Perillo | 981 63 8903 |
| Instituto María Casares / Bastiaqueiro | 981 62 6344 |
| Colexio Luis Seoane / Canide-Mera | 981 61 7130 |
| Colexio Parga Pondal / Sta. Cruz | 981 61 4967 |
| Colexio Valle Inclán / Perillo | 981 63 6754 |
| Colexio A Rabadeira / Oleiros | 981 61 0023 |

Bibliotecas

| | |
|--|-------------|
| Central Rialeda / Perillo | 981 63 9511 |
| Sta. Cruz (inclúe C. Doc. da Muller Rosalía de Castro) | 981 62 6338 |
| María José Trincado / Mera | 981 62 8507 |
| Iñás | 981 63 1240 |
| Dorneda | 981 61 4111 |
| Oleiros | 981 61 0700 |
| Anxel Fole / Nos | 981 66 4257 |
| Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé | 981 61 8201 |
| Federico García Lorca / Montrove | 981 63 8869 |

Transportes

TAXI a domicilio: Tlf. 981 65 1111

| | |
|-----------------------------|-------------|
| Aeroporto de Alvedro | 981 18 7200 |
| Estación autobuses A Coruña | 981 23 9099 |
| Estación FFCC San Cristobo | 981 15 3338 |

AUTOSCAL PITA

Bus a **Nós**. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.
Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.

Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.

Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25

Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.

Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.

Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e tes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.

Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.

Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.

Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.

Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21,10 / Dom. e fest. ás 9-13

Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35

Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05

Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30

Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05

Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45

Especial verán **Sta.Cristina** Tódolos días de 10,20 a 20,20 cada h • Regresa de 10,50 a 20,50

Especial verán **Sta.Cruz** Tódolos días de 10,05 a 21,05 cada h. • Regresa de 10,35 a 21,35

AUTOS ELISEO PITA

Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30

Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30

IDEAL AUTO

Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nós e O Carballo.

Servicios Varios

- Veterinarios**
Santa Cruz 626310
Gayacán 660335 /Vilanova
Salud Animal 631651 /Dos Regos
- Maquinaria de construción**
J.Barreiro 635474 /Oleiros
- Reparación coches e bicis**
J. Galán 610710 /Oleiros
- Fontanerías**
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nós
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonelec 662744-908587710 /Nós
- Instalacións eléctricas**
E.F.Otro 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
A.Vian 637254-908584691 /Perillo
- Albanería**
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe

C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz
M.C.López 637010 /Sta.Cruz
A.Martínez 611317 /Oleiros
R.Mesias 667205 /Nós
J.Novo 908084450 /Oleiros
J.Pardo 631127 /Dorneda
R.Pol 635325 /Perillo

J.M.Bias 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos
Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo
F.Fernández 636078 /Perillo
E.Fernández 636572 /Perillo
J.Fernández 614919 /Dorneda
J.Fernández 617720 /Dorneda
L.García 636587 /Perillo
A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nós
M.Illanes 614356 /Dorneda
D.Lamas 631356 /Oleiros
A.Lastres 908586296 /Dorneda
A.López 617411 /Mera
J.D.López 626082 /Santa Cruz
F.Mañana 615298 /Arillo
J.L.Martínez 636034 /Perillo
A.Mato 667682 /Nós
J.Mirón 618119 /Mera
V.Naya 617096 /Mera
M.Novo 610830 /O Carballo
A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo
J.L.Prego 626147 /Dorneda
J.A.Prieto 610181 /Oleiros
F.Recarey 617503 /Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
J.R.Sánchez 664599 /Nós
F.Sánchez 610779 /Iñás
L.Siso 617461 /Mera
M.Siso 617467 /Mera
R.Suarez 615239 /Dorneda
A.Suero 614849 /Dorneda
A.Uzal 908581521 /Rialta
M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
M.Vidal 631015 /O Valiño
M.Vieito 610060 /Oleiros

ATS-Fisoterapeutas
M.Miranda 638633 /Perillo
J.L.Sanchez 638234 /Perillo

Notarios
R.Benzo 611506 /Oleiros

Un concello vivo

RADIOLEIROS

101.5 FM

¡Olla á nova programación!
24 horas

Cóntanos o que queiras no 981 63 1078

Querida lúa

O ciclo da lúa

| | |
|---------------|------------------------|
| Nova | 6mar / 4abr / 4maio |
| Medra | 13mar / 11abr / 10maio |
| Chea | 20mar / 18abr / 18maio |
| Mingua | 28mar / 26abr / 26maio |

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 10 ó 17 de marzo, do 14 ó 21 de abril e do 19 ó 26 de maio. A este turno pertencen:

Oleiros [Francisco Lloréns, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

TURNO 2 Están de Guardia do 17 ó 24 de marzo, do 21 ó 28 de abril e do 26 de maio ó 6 de xuño. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 24 ó 31 de marzo, e do 28 de abril ó 5 de maio. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Guardia do 25 de febreiro ó 3 de marzo, do 31 de marzo ó 7 de abril e do 5 ó 12 de maio. A este turno pertencen:

Nós • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Guardia do 3 ó 10 de marzo, do 7 ó 14 de abril, e do 12 ó 19 de maio. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

As mareas

Horas de domingos

Preamares marzo

| | |
|--------|---------------|
| Día 5 | 02,43 e 15,05 |
| Día 12 | 07,19 e 19,48 |
| Día 19 | 02,39 e 15,01 |
| Día 26 | 06,31 e 18,51 |

Baixamares marzo

| | |
|--------|---------------|
| Día 5 | 08,49 e 21,00 |
| Día 12 | 01,04 e 13,25 |
| Día 19 | 08,52 e 21,01 |
| Día 26 | 00,22 e 12,35 |

Preamares abril

| | |
|--------|---------------|
| Día 2 | 01,40 e 14,08 |
| Día 9 | 06,04 e 18,25 |
| Día 16 | 01,36 e 14,03 |
| Día 23 | 05,26 e 17,42 |
| Día 30 | 00,19 e 13,00 |

Baixamares abril

| | |
|--------|---------------|
| Día 2 | 07,52 e 20,04 |
| Día 9 | 12,07 |
| Día 16 | 07,53 e 20,05 |
| Día 23 | 11,28 e 23,50 |
| Día 30 | 06,42 e 18,56 |

Preamares maio

| | |
|--------|---------------|
| Día 7 | 05,03 e 17,22 |
| Día 14 | 00,17 e 12,54 |
| Día 21 | 04,34 e 16,49 |
| Día 28 | 11,26 e 23,36 |

Baixamares maio

| | |
|--------|---------------|
| Día 7 | 11,04 e 23,34 |
| Día 14 | 06,43 e 18,57 |
| Día 21 | 10,32 e 22,52 |
| Día 28 | 05,00 e 17,21 |

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalalo.

Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

Os «elementos»



«Loitar contra os elementos non era a súa misión», dixo Felipe II cando recibía as noticias catastróficas da Armada Invencible, que partira da nosa bahía contra as tropas inglesas por apoiar ós piratas que nos saqueaban. Agora que non hai ingleses contra os que loitar, témoslos «elementos» dentro da casa.

Eso polo menos parece a política local de Oleiros: un goberno municipal progresista vilmente atacado polos delegadillos locais do PSOE e o BNG, que demostran cada día que a política —ese nobre medio de vehicular o progreso da sociedade— non lles interesa: coas

súas accións vanas, coa súa verbosura grandilocuente, só buscan seu medre personal.

A Alternativa dos Veciños está facendo xusto o que dixo que faría: gobernar o concello coa man aberta a tódolos concelleiros que aporten cousas positivas ó porvir dos veciños. Ante a intransixencia dos «elementos», o Goberno sacou adiante o Presuposto, unha auténtica radiografía do que será a acción municipal do 2000. Unha vez máis, o diálogo responsable e a actitude positiva de poñer os intereses dos veciños por enriba de calquera outro prevaleceu para ben do noso concello.

A nivel executivo, lévase adiante o importante plan do lixo mancomunado, esta-se a crear unha importante entidade mixta de xestión de servizos públicos, négóciase a varias bandas a ampliación da Casa do Concello... e sobre todo, continua o saudable e imprescindible nexa de contacto entre Concello e entidades públicas e sociais, base de calquera democracia participativa, de calquera acción política que se proclame madura, responsable e progresista.

O patético papel que están a exercer os chamados partidos «progresistas» locais é consecuencia do seu resentimento ante os

resultados electorais, cando non se viron apoiados polos veciños progresistas, que decidiron dar o seu voto a esta maneira segura, feliz e con resultados positivos, de construír en Oleiros un exemplo para tódolos concellos de Galicia.

Resulta unha mágoa, non por estes concelleiros de certa pobreza intelectual, senón polas señas de identidade de dous partidos que teñen que soportar estes representantes locais. Moitos cidadáns sentímonos doídos polo vilipendio destas siglas, admiradas pola súa historia e pola súa contribución positiva a Galicia e España.

Partido Popular / Felipe García Canal / Responsable de prensa del PP de Oleiros

Vamos a más



El próximo 12 de Marzo los españoles acudiremos a las urnas en un ejercicio democrático, exponente claro de la libertad y soberanía que nos confiere nuestra Carta Magna.

Atrás habrán quedado cuatro años de Gobierno del PP que ni el más mendaz y sesgado de los análisis políticos podrá dejar de calificar como de rotundo éxito.

Cuando aquellos augures de falsa progresía vaticinaban no se que descalabros y la trompetería de sus medios afines anunciaban arteramente el final del estado del bienestar, el PP daba comienzo a su andadura política con un bagaje liviano en las apetencias personales, profundo en las ideas y extenso en las valías intelectuales de sus cuadros.

Así es que llegado el momento de rendir cuentas, nos encontramos hoy ante una España no ya insertada, sino preeminente en el concierto internacional, con un crecimiento económico por encima de las más optimistas

perspectivas, con una concertación social fruto, todo hay que decirlo, de la madurez de los sindicatos, pero también de la gestión económica y social del gobierno; con el terrorismo todavía latente pero en franca regresión, y sobre todo con el optimismo de los españoles a los que su intuición y su saber político les ha hecho sobrepasar la mentira, a veces tan cruel como la que manipulaba las pensiones.

Nunca como hoy nuestros mayores pueden sentirse más seguros y saben, por la gestión del PP, que quien pretenda patrimonializar los conceptos de justicia social, igualdad, seguridad, etc., no es más que un juglar de la mentira.

Ante la gestión de otros que tuvieron que soportar tres huelgas generales y las enseñanzas pública y privada en la calle, el PP ha sabido elevar, como decíamos, las cotas de bienestar y cultura, aún a sabiendas de que el

camino ni es corto ni fácil.

Ante el grave problema del rechazo a la conscripción obligatoria, el PP ha sabido, en un ejercicio de prudencia y eficacia, orientar la defensa de España en el sentido de la recluta voluntaria y profesional.

Ante el doloroso espectáculo de contemplar a parte de la clase política rindiendo cuentas ante los Tribunales de Justicia por no haber sabido interpretar su papel de servidores públicos, es hoy el PP paradigma de saber estar en política, pese a quien pese.

Se ironizó sobre el liderazgo basando ese concepto en fútiles argumentos de marketing trufados de bambalinas, estilistas y profesionales de la imagen, intentando hacer olvidar que el mejor liderazgo se basa en la idea, la honradez y los cuadros dirigentes. Si a todo esto añadimos el saber estar ante el zarpaço terrorista, encontramos al verdadero líder a quien claramente destacan las

encuestas, y ante quien las cancillerías europeas y americanas profesan respeto y admiración. La imagen del Presidente Aznar junto a líderes como Blair, Clinton, etc, ha levantado no pocas ampollas.

En fin, las urnas reflejarán, imaginamos, todo lo anterior, y rechazarán extraños maridajes entre ideologías políticas alguna de las cuales abandonó allá por los años 70 el marxismo, pero que hoy, ante el sombrío panorama electoral no duda en abrazarlo, aún a sabiendas que nada puede aportar a la vida política y social de nuestro país.

Los grandes pensadores de nuestro siglo preconizaron más sociedad y menos estado, pero algunos parecen no haberse enterado.

En cualquier caso y en nombre del PP, feliz fiesta democrática a todos el próximo 12 de marzo.

Partido Socialista Obrero Español / Luis Vázquez

Libertad, educación y respeto: un Oleiros para todos



Hace ocho meses que los socialistas, generosamente, permitimos con nuestra abstención que Esther Pita accediese de nuevo a la Alcaldía de Oleiros. Le exigimos dignidad y respeto para todos.

Lejos de cumplir el papel de Alcaldesa, entrega el Gobierno a

Gelo para que rompa de manera impúdica y obscena con la trayectoria progresista y camine autoritario del brazo del PP por la senda de la amenaza y la difamación.

La propuesta socialista de adjudicar las viviendas de precio protegido a las familias oleirenses que

más lo necesitan (renta, número de hijos...) como hacen la Xunta y el Estado con las viviendas que ellos construyen, hizo que nos insultasen gravemente.

Impiden que se conozcan nuestros proyectos para Oleiros. La Radio Municipal está controlada y

manipulada por Gelo para impedir que se difundan opiniones distintas a la suya. Autoritariamente deciden que nen este periódico solamente podamos escribir 950 letras.

Por ello, aquí se acaba nuestro espacio. Salud.

Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro

Sra. Dona Democracia de Oleiros



Finou ós 25 anos coa bendición da Alternativa de Veciños e Partido Popular. —D.E.P.—

O BNG de Oleiros prega unha oración e agradece a asistencia ao funeral de corpo presente que se celebrará o último xoves de cada mes no Salón de Plenos de Casa Charry ás OITO DA TARDE; favor do que anticipamos as gracias.

Casa Mortuoria: Concello de Oleiros.

Anotacións: o texto remitido na parte superior consta de 525 caracteres. A disposición debe ser a mesma na que vai confeccionado (non debe alterarse dispoñendo en columnas, corrido nin de ningún outro modo que altere o deseño tipo esquelada).

Asdo.: Antón Tenreiro.



Se tí e a túa familia non colaborades, pouco poderemos facer pola reciclaxe das basuras que producimos. Está a piques de entrar en vigor o Plan de Recollida do Lixo. En pouco tempo, teremos que deposita-lo nos novos contenedores xa separado, para facer posible a súa recuperación.

Como sabes, os residuos sólidos urbáns son un dos grandes problemas ecolóxicos das sociedades «evoluídas» como a nosa. O estilo de vida consumista créanos cada vez máis necesidades a través do mercado. As empresas, na súa espiral de competencia entre elas, ofrécennos un número de envoltorios cada vez maior, ata faceren desborda-los cubos do lixo.

Ata agora, viñamos depositando todo en vertedeiros máis ou menos desprovistos de medidas anticontaminantes. O incremento de lixo dos últimos decenios foi tan espectacular que a UE tivo que obrigar ós países máis atrasados a rematar cos vertedeiros. Na Coruña, o derrubamento de Bens puxo en cuestión, ademais, a pouca atención que se prestaba ó tratamento dos residuos.

Neste momento, tódolos concellos tenden a adoitar medidas anticontaminantes que parten da separación nos domicilios, un proceso no que o papel dos cidadáns é fundamental para garanti-lo éxito.

En Galicia existen dúas maneiras de xestiona-lo lixo, unha vez que esté depositado nos contenedores, convenientemente separado. A empresa autonómica «Sogama», na que participa Unión Fenosa ofrece un sistema de reciclaxe para a fracción inorgánica dos residuos, e a súa incineración para

■ *Un «ecocubo» e un dobre contenedor facilitarán-nos a separación*

aqueles que non poidan ser reciclados e máis para os restos de alimentos (parte orgánica). O calor vai destinado a producir enerxía eléctrica. Outra alternativa é a que está enxergando o Concello da Coruña, que consiste en reciclar sen incineración, isto é: converter en abono a parte orgánica e deixar almacenados en pacas aquela parte dos residuos que técnica-mente non se poda reciclar.

Os veciños de Oleiros estamos abordando este asunto en colaboración con 9 concellos periféricos da Coruña, xa que o da capital foi sempre por libre.

A UE apoiou con mil millóns de pesetas a adquisición de camións recolectores, contenedores, equipamento e construción de illas verdes, e outros medios auxiliares para a recollida selectiva.

Ademais, esta-se a crear un consorcio intermunicipal para que o sistema de recollida esté unificado en toda a comarca, e por tanto sexa máis operativo e económico. As previsións apuntan a que este ano estará xa en funcionamento.

As familias debemos colaborar na reciclaxe

■ *O proceso de recuperación do lixo que producimos ten que comezar na casa*



Os contenedores

O vidro e o papel, xa

Hai tempo que están ó teu servizo estes contenedores. Anque o seu número será próximamente incrementado, estas son as ubicacións dos actuais.

Papel Perillo: Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. Santa Cruz: Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiagueiro. Mera: Colexio Luis Seoane. Oleiros: Colexio A Rabadeira / Urb. Dos Regos, CMF.

Vidro Perillo: Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswaldó). Nós: O Seixal. Santa Cruz: Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. Mera: Edificio Casablanca / Edificio A Perla. Dorneda: Cruce de Arillo. Oleiros: Praza da Rabadeira / Urb. Dos Regos.

Os horarios

De 9 a 12 da noite

Ese é o horario de uso dos contenedores de lixo. Está prohibido utilizalos en véspera de festivos.

Se non o respetas, estás portándote mal cos teus veciños e co servizo de recollida, xa que xeneran malos olores e, se o lixo desbordara o contenedor, podería chegar a emporcalo todo.

A hora da verdade

Temos que insistir moito na importancia que ten a colaboración veciñal no éxito do Plan de Recollida de Lixo. ¿Queremos ser respetuosos coa natureza, co noso mundo? Todos responderíamos que sí a esta pregunta. Pois vai achegándose a hora de demostrar que amamos sinceramente ó planeta Terra. Se os veciños, as familias, non demostramos co noso comportamento diario que somos capaces de cambia-lo hábito de tira-lo lixo, ningún esforzo servirá de nada, porque se o lixo chega mesturado ás prantas de tratamento, éstas non teñen operatividade para envia-los distintos materiais a reciclar. Así que xa sabedes: a cambiar de «chip»: o vidro e o papel, a parte; e na cociña unha bolsa para os envases e outra para os restos de alimentos.

Meus queridos cans:



Vai sendo hora de que lles digamos ós nosos amos que deben axudarnos a vivir en Oleiros.

¿De que maneira?

— Levándonos da correa, porque algúns veciños cren que somos perigosos e asústanse da nosa presenza.

— Limpando o pavimento cando facemos caca, porque cando eles pasean, poden pisala e seica eso lles senta moi mal.

— Vixiándonos máis nos xardíns, pois eles plántanos para estaren bonitos e a nós gústanos máis estar polo monte...

Chegaremos camiñando ó castelo

Anque as obras van un pouco máis lentas do previsto, vai pagar a pena agardar. O caso é que en breve poderemos chegar camiñando ó Castelo, e arrodealo polo seu novo contorno, que se está restaurar.

Bancos, miradores, unha senda perimétrica para camiñar pola illa, complementará os xardíns e rincóns encantadores, entre o sabor defensivo do que foi o edificio nunha época, e o paxego da outra. Un lugar desde o que se poderá contemplar con maior engado, se cabe, o entorno urbano de Santa Cruz, un dos máis atractivos gracias ó deseño urbano que o Concello definiu nos últimos anos.


Pasarela e contorno van supoñer, na práctica, unha ampliación do paseo marítimo de Santa Cruz, co que se conectará a nova vía de madeira sobre o mar á altura da Rúa do Repicho.

De ser así, agardamos tamén que o Castelo pase a ter maior dinamismo didáctico e cultural, xa que debe responder cabalmente ó seu nome: Instituto Universitario de Divulgación Ambiental. Todo un reto sobre o noso medio natural que merece algo máis que un nome fermoso. As obras están executándose dentro do Plan de Costas (Ministerio de Fomento), e o Castelo é xestionado por un patronato entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade e o Concello.



As obras no castelo avanza

Cuiña promete longo na saúde da ría da Pasaxe



Paseo de Agramar

¡No 2006?

■ *¿Poderán as ameixas soportar tantos detritus tantos anos?*

O Conselleiro Cuiña, despois de tanto facerse desexar co seu proxecto de saneamento integral da comarca da Coruña, veu cunha promesa moi alongada no tempo. As obras son inxentes, e non se pode contar con que as augas da nosa comarca cheguen limpas ó mar ata o ano 2006.

Ante eses prazos, todos nos

preguntamos polas prioridades, pero non hai respostas concretas. **En Oleiros temos a nosa rede interior completamente lista e conectada cos colectores autonómicos**, se ben estes non funcionan correctamente. En Cambre e Culleredo teñen que facer aínda moito traballo, e bairros enteiros da Coruña, como As Xubias, aínda verten

directamente ó mar.

Outra cousa é a eliminación da **depuradora de Mera**. Tiñan prometido comezar por fin este ano a obra (70 millóns da Xunta e 30 do Concello). Agardemos que así sexa. Do que non estamos seguros é de si ameixas e longueiróns poderán soportar tantos detritus humanos durante tantos anos.

Santa Cristina, as copas tranquilas

Un chaval de 20 anos que vive en Perillo e veuse envolto nunha pelexa. Él foi o que máis levou, e tivo que pasar polo Juan Canalejo. Esta bronca foi unha máis das que se producen nos lugares de movida nocturna, cando fala o alcohol e a ansiedade. O Concello lamenta a politización que posteriormente se pretendeu facer a respeito da seguridade en Santa Cristina, que é un dos lugares de ocio máis tranquilos de Galicia.

Uns, a divertirse. Outros a traballar. Para os primeiros, música e alcol —a maioría dos noitébregos bebemos moderadamente— axudan a pasa-lo tempo danzando ou ligando. Os camareiros, porteiros e policía son os outros protagonistas da noite.

Eles están ó noso servizo. As vixilancias particulares de cada bar musical ou discoteca, complementados cos servizos de seguridade pública, fan que incidentes como o que levou a Marcos ó hospital non sexan frecuentes.

Pero o seu pai dedicouse a chamar a tódalas portas para tratar de fundir Santa Cristina, sementando a idea de que a Policía tiña abandonada esta zona de

lecer. Algúns xornalistas caeron na trampa, e diron cancha a opinións pouco contrastadas, pois segundo os datos da Garda Civil e a Policía Local, Santa Cristina non ofrece índices de inseguridade preocupantes.

Un lugar no que se concentran mil personas, moitos deles mozos imberbes que aínda non aprenderon a beber con moderación, é normal que se produza algún incidente. Por desgracia, é un mal moi extendido, e aquí podémonos dar por satisfeitos de non acadar, nen por asomo, os índices de gabberrismo e delincuencia doutros lugares.

Reunida a Xunta de Seguridade Local, composta por responsables da

Garda Civil e Policía Local, ademais de representantes de Goberno, Xunta e Concello, constatouse a correcta coordinación entre os diversos corpos de seguridade, e un avance na eliminación do tráfico de drogas nalgúns puntos negros do municipio, algo que preocupa a tódolos veciños.

Acordaron **identificar ós menores de idade que estén a beber alcol na rúa**, e avisar ás súas familias, como medida inicial. Se esa medida non dá resultado, estudarán-se outras máis duras, xa que tampouco se quere converter Santa Cristina nunha especie de campo de concentración, vixiado en exceso.



■ *Aumentara-se o control sobre o volume da música, pois últimamente houbo varias denuncias de veciños*

Hosteleiros e veciños colaboran para o benestar

Despois da xuntanza, houbo outra coas asociacións de Hosteleiros e de Veciños. Ós primeiros, solicitouse-lles colaboración no control da venda de alcol, e sobre os establecementos que traen mozos dos barrios máis conflictivos da Coruña en autobuses, lembrando a prohibición de estacionar en todo o casco urbano de Perillo, fóra das paradas asignadas ós transportes públicos autorizados.

En canto ós veciños, tamén se conta coa súa colaboración. Gracia a eso, constatouse últimamente un leve aumento das denuncias por rúidos procedentes dalgún establecemento, que se controla de inmediato. Como consecuencia, o Concello incrementará o control preventivo, porque todos queremos que en Santa Cristina convivan en harmonía a troula nocturna co benestar e a comodidade cidadana.

■ *¿Queremos un axente de policía detrás de cada cidadán, mentres saímos de noite? —Esta é a pregunta á que temos que responder*

■ *Hosteleiros e veciños, satisfeitos coa seguridade*

■ *Cada noite hai rondando tres patrullas de Policía Local e Garda Civil*

¿Vaste perder a Festa do Antroido?

Vide disfrazados e presentádevos ó concurso. Hai 295.000 pts. en premios. E disfruta de tódalas sorpresas. O día 10 na Polideportiva da Rabadeira, en Oleiros.

As vivendas de prezo reducido están xa comezando a venderse. As primeiras son as de Icaria, Caavamontes e O Graxal. A súa adxudicación depende da Xunta de Galicia, pero os residentes en Oleiros teñen un acceso preferente. O proceso de venta é realizado directamente polas promotoras.



Xa podes solicitar un piso de prezo «light»

Ubicacións

¿Donde?

- **Icaria II.** Un edificio de 20 e outro de 16 vivendas de prezo taxado. Oficina de vendas en R/Ícaro con Pazo do Río, de 10 a 13 e de 16 a 19h.
- **Caavamontes.** Un edificio 7 vivendas de prezo protexido. Oficina de vendas en R/Zaire,8; de 10 a 13 e de 16 a 19h.
- **O Graxal.** Un edificio de 16 vivendas de prezo taxado (en breve instalarán a oficina de vendas)

Prazos

¿Cando?

- Hai prazo xa aberto para solicita-las primeiras 27 vivendas:
 - **Icaria II** (20 vivendas): solicitudes ata o 17 de abril.
 - **Caavamontes** (7 vivendas): solicitudes ata o 21 de abril.
- En breve abrirase o prazo para outro edificio en **Icaria II** (de 16 vivendas) e un no **Graxal** (de 16 vivendas).

Condicións

¿Canto?

- As vivendas dos dous edificios de **Icaria** e as do **Graxal** costarán como máximo 141.594 pts/m² (garaxe e trasteiro a 84.594 pts/m²).
 - As de **Caavamontes**, 113.275 pts/m² (garaxe e trasteiro a 67.965 pts/m²).
- Ademais, os interesados poden acollerse a créditos hipotecarios a 20 anos, preferentes para vivendas de promoción pública, e incluso a subvencións do IGVS. Estas circunstancias varían para cada familia.

Procedemento

¿Como?

Os interesados teñen que solicitalo na **oficina de vendas** da promotora, despois de estudia-la información que alí lles den sobre o piso concreto que lles interese. Esa solicitude vai ó Concello, para comprobar os datos censais; devólvese á promotora, e ela envía-a á Xunta para a adxudicación.

Adxudicación

¿A quen?

A Xunta de Galicia é quen realiza directamente a adxudicación, pero tendo en conta os puntos por ser veciño de Oleiros: **un punto por estar censado aquí, e un punto máis por cada ano de antigüidade**, co que os de Oleiros con máis antigüidade saen beneficiados.

Os solicitantes non poden ter outra vivenda de protección pública; a nova casa debe ser o seu enderezo permanente, e non ter outra vivenda en propiedade na mesma localidade. Os seus ingresos familiares anuais deben ser entre os 5,5 millóns e as 952.560 pts., según cada familia.

Consecuencias

¿Para que?

Con este Plan Municipal de Vivenda, queremos facilitar o acceso a una vivenda de calidade ós veciños de Oleiros.

O acerto urbanístico convertiunos nun lugar apetecido por todos, polo que **a demanda de vivendas é moi alta**. Con ela, **os prezos dispáranse** e aparece a paradoxa: moitos veciños que contribuíron a facer de Oleiros un espacio de calidade, ven como os seus fillos tiñan que ir vivir fóra. Eso é o que queremos evitar.

O Control

¿Por que?

O Concello sacou estas parcelas a subasta para que os promotores construíran, ademais dos pisos de venda libre, estes de prezo controlado. Poden construír pisos de prezo protexido ou de prezo taxado, pero teñen que vendelos, durante os tres primeiros meses, só a veciños empadronados en Oleiros. O Concello exercerá un estreito control do proceso, para garantir a transparencia da adxudicación, pois a decisión de realizar este tipo de promocións no 10% de cesión do solo, está dentro do Plan Municipal de Vivenda



Caavamontes

Información

Quen adxudica é a Xunta

A normativa sobre a promoción pública de vivendas di que o goberno autonómico é o encargado de fixa-las condicións de acceso á propiedade. Está regulada no Real Decreto 1186/98, do 12 de xuño, do Ministerio de Fomento.

A Xunta dispuxo uns baremos onde se ten en conta o nivel de ingresos de cada familia, as súas necesidades de espacio, etc. Tampouco é igual un piso de prezo protexido (un pouco máis económico) que un piso de prezo taxado.

O Concello intervén nesa normativa cunhas condicións particulares fixadas na venda do terreo ós promotores: os tres primeiros meses, os pisos estarán só a disposición dos veciños de Oleiros, feito polo que reciben 2 puntos, ademais de outro máis por cada ano que leven censados aquí.

Ollo ó piollo: algún personaxe está tratando de despistar nos periódicos sobre a limpeza e independencia deste proceso no que a Xunta ten a última palabra.

Outras promocións

Máis de 300 vivendas en todo o concello

Estas 61 vivendas próximas á Av. das Mariñas son só as primeiras. De momento, haberá 52 vivendas en Romardeiro (Sta. Cruz); 29 máis en Caavamontes e 189 no Carballo (Nos). De todas elas, ofreceremos cumprida información.



Icaria

Ó Concello nácelle un «fillo» enfrente



O Concello medra para a túa comodidade

O Concello quédase pequeno e había que buscar alternativas. Presentábase un dilema: ir a un novo edificio ou amplia-lo actual.

O primeiro obxectivo era conseguir un edificio consistorial representativo, situado na parroquia de Santa María. Había un, o da familia Pan da Torre. Unha nobre casa de pedra situada no mesmo centro de Oleiros, neste momento deshabitada. Non puido ser, e agora estase en negociacións para adquirirla finca fronte ó actual Concello, da familia García de Dios, coa idea de restaurala casa para convertila en oficinas.

De non acadar un acordo, plantexarase amplia-la casa actual cara á parte traseira, se ben procurando non deterioralo entorno da urbanización Obelisco.

Facer calquera trámite resultará así moito máis doado para tódolos veciños. Nunha recente reunión co Conselleiro de Xustiza, éste anunciou axudas para a obra.

■ *En Oleiros temos un presuposto moi superior ós concellos da nosa dimensión*

As contas do 2000, vento en popa

Na pasada edición de «Vivir en Oleiros» distribuíase un «avance» dos presupostos do ano 2000. Básicamente, contiñan as obras principais que se prevén para este período. Agora ofrecémo-las grandes cifras coas que o Concello seguirá medrando e convertíndose nun lugar idóneo para vivir. O pleno municipal, pola inmensa maioría de 17 votos contra 4, aprobou o documento que recolle as contas municipais para o 2000.

Somos máis «ricos» porque xestionamos mellor

É frecuente escoitar que somos un concello «rico». Parece coma se todo o benestar que conseguimos, o nivel que alcanzamos, nos viñera dado por algunha Divinidade. ¿Porqué Oleiros manexa un presuposto tan alto? A razón é ben sinxela: moitos recursos económicos proveñen dunha xestión urbanística avanzada e deseñada para incrementa-lo ben común, e non para que uns cantos se fagan millonarios a costa da maioría da poboación. Esa é a diferenza que nos separa doutros moitos concellos de Galicia.

As contas do Concello sobrepasan este ano os 3.800 millóns de pesetas, anque aquí están incluídos os algo máis de 500 que conforman a aportación europea ó Plan de Recollida Selectiva do Lixo, que coordinou o noso concello para toda a comarca.

Desta cantidade, un 45% (1.700 millóns) van para investimentos reais, esto é, obras e servizos desas que notamos os cidadáns cada día: aceras, alumeados, parques, instalacións culturais e deportivas, escolas, etc.

Unha economía activa e saneada ten que ter moi claro de dónde lle veñen os cartos. Sen aumenta-los impostos máis que o lóxico aumento do nivel de vida, recadaremos por este concepto uns 973 millóns, ós que hai que sumar

847 de taxas por diversos conceptos —especialmente as da construción— e 203 millóns derivados da xestión urbanística. As aportacións estatais, de 450 millóns están por fin adaptadas ó número real de veciños, pois ata este ano pagábasenos coma se fóssemos 18.000 e este ano chegamos case ós 27.000.

Pola venta de solo está previsto recadar 319 millóns, e por transferencias de capital, un diñeiro directamente destinado a obras públicas, 643 millóns. Tamén está previsto acodir a un crédito de 250 millóns de pesetas, unha cantidade baixa para un concello como o noso, con capacidade máis que suficiente para lle facer frente.

Repasando algúns destinos dos cartos, destaca espe-

cialmente o capítulo destinado ós servizos municipais, que suma 427 millóns, destinados a manter as redes públicas de auga e alcantarillado, a recollida de lixo, reparación e conservación de vías públicas e parques... Os gastos xerais do Concello sobrepasan os 550 millóns, e a obra nova de auga e saneamento lévase 280 millóns. Unha cantidade lixeiramente superior (293 millóns) corresponde a importantes obras de urbanización, especialmente no Valiño e Canide.

A estradas e vías públicas en xeral van 110 millóns, unha cantidade parecida a ensino, e outra semellante a obras deportivas. Destínase unha cantidade de 115 millóns a servizos sociais, e outros 124 á Policía Local.

■ *As contas foron aprobadas polo Pleno Municipal pola gran maioría de 17 votos (AV+PP) contra 4 (PSOE+BNG)*


■ *A investimentos reais van destinados 1.700 millóns de pesetas*

■ *O Estado, despois de moito reclamar, traspásanos o que nos corresponde polo número de habitantes: 450 millóns*

■ *Nas contas inclúense os 563 millóns da recollida de lixo da área mancomunada*


Algunhas cantidades importantes

| | |
|-----------------------------|-------------|
| Administración xeral | 556.025.000 |
| Protección Civil | 13.450.000 |
| Policía | 124.775.000 |
| Administración financeira | 91.500.000 |
| Servicios sociais | 115.531.000 |
| Sanidade e consumo | 15.800.000 |
| Obras de auga e saneamento | 280.105.381 |
| Xestión urbanística | 133.045.000 |
| Infraestructura deportiva | 108.538.437 |
| Ensinanza | 107.125.000 |
| Recollida de lixo (mancom.) | 563.250.000 |
| Servicios Municipais | 427.100.000 |
| Obras de urbanización | 293.066.845 |
| Estradas e vías públicas | 110.063.000 |



Os gastos do 2000

| | |
|-------------------------------------|---------------|
| Investimentos reais | 1.717.653.663 |
| Gastos de personal | 941.173.000 |
| Bens correntes e de servizos | 757.293.150 |
| Subvencións | 167.760.925 |
| Intereses e amortizacións | 114.220.000 |
| Activos financeiros e amortizacións | 93.500.000 |
| Transferencias de capital | 13.550.000 |



Os ingresos do 2000

| | |
|------------------------------------|-------------|
| Impostos | 973.000.000 |
| Taxas | 847.445.890 |
| Transferencias de capital | 643.004.713 |
| Aportacións do Estado | 450.000.000 |
| Venta de solo | 319.072.242 |
| Créditos | 250.000.000 |
| Ingresos por xestión urbanística | 203.601.635 |
| Aportacións da Xunta e outras ent. | 93.611.258 |
| Intereses e outros | 25.415.000 |

A Fundación Municipal de Cultura

340 millóns para alimentar as «mil primaveras»

Que os grupos culturais e deportivos dispoñan de recursos para realizar boa parte das actividades coas que enchen o ocio e o lecer dos veciños, depende desta partida presupostaria, que xestiona a Fundación Municipal de Cultura.

En total, case 43 millóns de pesetas en subvencións, ás que hai que sumar outras cantidades

destinadas a organizar actos directamente ou con colaboracións varias.

Aquí tamén aparece diñeiro para as actividades extraescolares, a Casa da Xuventude, o Centro de Formación ou o Sistema de Bibliotecas, punteiros todos eles na política de xestión cultural que promove o Concello.

As cifras da cultura

| | |
|---------------------------------|------------|
| Subvencións a entidades | 42.970.000 |
| Promoción e difusión da cultura | 24.572.000 |
| Administración xeral | 26.090.000 |
| Ensinanza | 20.892.000 |
| Centro Municipal de Formación | 63.943.075 |
| Escola de Música e Museos | 31.383.000 |
| Sistema de Bibliotecas | 47.047.000 |
| Cultura física e Deportes | 69.100.000 |
| Casa da Xuventude | 17.011.000 |

Un área empresarial digna de Oleiros. Moitos veciños de Iñás saben que parte da súa parroquia estará ocupada por un Polígono Industrial. Pero tranquilos, este non será un deses espacios sórdidos e degradados dos arredores das cidades. «Iñás empresa» é unha iniciativa urbanística de calidade con cuidadas zonas verdes.

«Iñás empresa», máis que un polígono industrial

Alguns critican que Oleiros non dispoña de solo industrial, pero eso non é certo. O eixo «escapate» da Avda. das Mariñas entre Perillo e Nos e o Polígono de Icaria demostrano. Agora, cando ese solo para a implantación de empresas está xa agotado, é o momento de desenvolver unha nova bolsa de terreo industrial na parroquia de Iñás, donde o Plan Xeral o ten previsto.

As previsións apuntan a que a fins do ano 2000 poida haber xa solo disponible na primeira fase da iniciativa, que abrangue un millón de metros cadrados, situada entre O Carballo e o Pazo de Arenaza.

A urbanización levará-se a cabo por acordo entre os propietarios, ou, se non fora posible, mediante o sistema de «cooperación», isto é, directamente polo Concello, con compensación ós propietarios.

O Plan Parcial de solo industrial de Iñás abrangue todo o terreo situado entre Fonte do Ouro e Campamento, polo que ambas marxes da estrada N-VI estarán ocupadas por empresas.

Numerosas empresas situadas en zonas urbanas do Concello están agardando a iniciativa, pois non poden ampliar a súa actividade en solo residencial, por mor dos rúidos, as dificultades de comunicacións que presentan para a actividade industrial, e mesmo as propias necesidades de espazo.

«Iñás empresa» non terá moito que ver cos grandes polígonos industriais que ofrecen un aspecto descoidado e pouco amable. O acabado urbano e a cantidade de espazos

verdes farán desta iniciativa un lugar digno de compartilo territorio de Oleiros coas mellores urbanizacións de Galicia. A súa vocación é servir de acougo a empresas relacionadas co comercio, o almacén e a exposición.

■ *Unha ampla zona verde o acabado urbano farán desta área un lugar de alta calidade*

■ *Dispoñer de solo para empresas é imprescindible para contribuir ó descenso do desemprego*

■ *Este ano comezarán os traballos, e pode que tamén as obras*



Xulgado de Paz

Un Xulgado de primeira

Eso é o que necesitamos. Mellor atención por parte do Ministerio, que nos ten infradotados cun Xulgado de Paz dos máis ocupados de Galicia, e cunha asignación mísera. Nen o Concello nen a Xunta teñen competencias, pero sí o Ministerio, a quen se solicitou que o actual Xulgado de Paz fose convertido nun de primeira instancia. Pero como todos sabemos cómo funciona a Administración de Xustiza, imaxinamos que esta reivindicación vai para largo. E por eso, o Concello —apoiado pola Consellería de Xustiza e Interior— solicitou que a asignación económica que se destina a Oleiros sexa maior. O Concello cumpriu a súa obriga, dotando ó Xulgado dunhas oficinas adecuadas.



Cuartel de Mera

Garda Civil

Cuartéis: cederán o de Mera e mellorarase o de Oleiros

Por fin o Ministerio do Interior vai tomando decisións sobre Oleiros. O Concello colaborará na reforma da actual instalación de Sta. María, e, como compensación, o corpo cede o vello cuartel de Mera, hoxe desafectado de uso.

Obras inminentes

Oleiros

Perillo

Mirador na Xesteira

Uns 3 millóns de pesetas para recuperar a parcela da antiga depuradora de Perillo. Farase unha zona de esparcemento miradoiro e parking.

Glorieta de Santa Cristina

Será reordenado o espacio diante da Facenda Local, que quedou deteriorado despois da intervención de Fomento. Habilitaranse tamén prazas de aparcamento.

Paseo de Agramar

Contrátase a redacción do Plan, por valor de 3 millóns.

Alcantarillas do Riveiro e zona Xuncal

Será realizado o alcantarillado na Rúa O Riveiro, con aportación municipal de 1,5 millóns, e a renovación de tuberías de auga en Xuncal, Méndel e V. López, que costará algo máis de 4 millóns.

Aceras en Mendel e Av. Américas

Obras de reposición. As primeiras costarán 4,5 millóns, e o pequeno tramo do Clube de Regatas, 430.000.

Máis parking en Sta. Cristina

Creación no entorno do paseo Marítimo, por 2 millóns de pesetas. Tamén se expropiará en R. do Inglés, para mellorar accesos.

Espello na Casa da Cultura

Costa 300.000 pesetas.

Estes primeiros meses do ano están en marcha varias obras. Entre elas, éstas, que se atopan en curso ou serán contratadas antes de abril.



Rialta, onde se construíra un novo local social

En varias parroquias

Cinco novas marquesinas

En diversos lugares do Concello van ser colocadas estas pezas, exclusivamente deseñadas para o noso concello, en madeira, cristal e pedra, e construídas no CMF. O orzamento ascende a tres millóns de pesetas.

Plantacións en parques e xardíns

Neste período dedicaremos 5 millóns a poñerlos máis lindos.

Illa Verde para a reciclaxe

A este lugar poderemos ir todos para depositar cousas especiais das que queremos desfacer nos. A obra costará 7 millóns. A ubicación está aínda por determinar, e a obra é parte do plan de recollida de lixo que leva adiante o Consorcio das Mariñas.

Instrumentos para a Casa da Música

Ante o inminente comezo das clases serán comprado instrumentos básicos para aprender, por valor de 4 millóns.

Dorneda

Novo local en Rialta

A 5 millóns de pesetas ascenden as obras dun novo salón multiusos que será construído cabo da Pista Polideportiva de Rialta.

Obras e proxectos en Naval

Case 4 millóns para ordenar os accesos á praia de Naval, e outros 2.100.000 para asfaltalos. Tamén será contratado un proxecto para a recuperación integral do entorno da praia, por 1.800.000 pts.

Iñás

Saneamento no Caño

Investimento de 1.223.849 pts. en conducción de auga e saneamento para mellorar o nivel de vida de moitos veciños da parroquia.

Solo industrial

A redacción do Plan Parcial de Iñás e a reparcelación do solo industrial (ver páx.10) supoñen un investimento de 4 millóns de pts.

Espello na Casa da Cultura

Será instalado, por valor de 300.000 pts, para facilitar as actividades físicas.

Montrove

Parque Ibarrola

Ordenar este fermoso entorno costará 15.300.000 pts.

Calefacción no Centro As Pedras

200.000 pts. para facer máis confortable a súa aula.

Campo de entreno

3.600.000 pts. costará dispoñer desta infraestrutura deportiva para a práctica do balompé.

Reparación da rúa Constitución

Será acometida, cun orzamento de algo máis de un millón de pesetas.

Dexo

Dosificador para a depuradora

Dotar deste sistema á depuradora de augas costará case 2 millóns de pesetas.

Mera

Ordenación das Escolas Vellas

Derrubaránse edificacións ruinosas, habilitarase unha zona de lecer e mellorarase a pista de xogos, un proxecto que ronda os 3 millóns.

Reparación da Rúa Areosa

Serán investidas 2.700.000 pts. nesta vía de Maianca.

Mobiliario na Paxareira

Medio millón de pesetas para mobles de ese edificio social.

Plan Especial para A Lagoa

Será contratada a redacción do proxecto, por 1 millón de pts.

Mellora do entorno da Perla

1.800.000 pts. para acometer esta obra en Serantes.

Casa do Concello

A obra máis importante da parroquia despois da construción do Instituto. 250 millóns para adquirir a casa de enfrente e rehabilitala, consolidando Oleiros como capital administrativa do Concello. Máis información páx. 8.

Aceras en Pardo Conchado

Tres millóns de pesetas para construír estas aceras nun tramo tan transitado.

Mellora da acera no Real

Un tramo deste lugar será mellorado por valor de 600.000 pts.

Solo para depósito de auga

Esta nova infraestrutura precisa de solo, que será mercado por 6 millóns.

Santa Cruz

Calefacción e aceras nas Torres

Millón e medio de inversión para ir ós espectáculos máis cómodos, e máis de 2 millóns para a construción de aceras perto do centro cultural.

Travesas no parque

O estanque do Luis Seoane será pechado con travesas, para mellorar a seguridade.

Reparación da vivenda do garda do Castelo

15 millóns para esta obra no camiño da recuperación integral da illa.

Cementado da Rúa Eirís

2.300.000 de inversión para esta necesaria obra.

Asfaltado de Dolores Ibárruri

Esta transitada vía precisa unha man de asfalto. Costa tres millóns.



Protección Civil múdase á casa da rúa Darwin

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil iniciou unha nova etapa cando se cumpre o seu octavo ano de existencia coa estrea da súa primeira sede propia, que antes ocupaba a Casa da Xuventude.

O seu coordinador, Eduardo Bocija, cifrou entre 90 e 100 o número de voluntarios que, de forma totalmente altruista, integra o colectivo. Dous coches todoterreo e outras catro embarcacións neumáticas compoñen os seus principais medios de transporte terrestre.

As tarefas de vixilancia nas praias, do 15 de xuño ó 15 de setembro, constitúen proba-

blemente o servizo máis popular da agrupación, aunque tamén desenvolve outros traballos sociais e culturais moi relevantes, tales coma o apoio a

Cruz Roja (fundamentalmente, nos accidentes de circulación) e de seguridade en eventos importantes, como concertos ou festas. O pasado ano, ademais, asistiron a uns 60 veciños que realizaron o Camiño de Santiago dende Pedrafita a Compostela.

O coordinador lembra que foron un total de 624 as asistencias sanitarias realizadas en terra ou no posto de auxilio das praias. As

■ *O corpo de voluntarios necesitaba máis espacio operativo*

picadauras de escarapotes foron as intervencións máis habituais. A montaxe de dispositivos especiais de vixilancia nas procesións marítimas ou en actos deportivos e a colaboración decidida na conservación do medio ambiente tamén foron actividades salientables destas persoas que de xeito desinteresado están realizando tan importante labor en beneficio de toda a poboación.

...E de maiores, viaxar e disfrutar

■ *Excursións e actividades físicas para os maiores de 60*

Os maiores de 60 xa poden prepara-lo seu programa de excursións e actividades físicas. Servizos sociais xa o ten definido o programa, que ten unha novidade: o

sendeirismo. Un lugar fantástico na provincia de Pontevedra, o mirador de Cotorredondo, coa súa Aula da Natureza e a lagoa de Castiñeiras, perto de Marín, e o Parque Natural de

Ancares serán os lugares polos que camiñar.

Tamén haberá sesións de paseos polo Monumento Natural de Dexo, que no noso concello tamén hai lugares moi especial para disfrutar dun día de excursión ó aire libre.

Ademais, hai programas para ir ás Festas do Viño do Ribeiro, do Choco de Redondela, e disfrutar de patrimonio artístico tan interesantes como os de Rivadavia e Pontevedra. Outro destino será o norte: San Andrés de Teixido e os cantís do Ortegá, onde a maxia e a natureza ofrecen un dos perfís máis fermosos de Galicia.

—¡Tamén hai que moverse!

Servizos sociais preparou un extenso programa de actividades físicas, que é o seguinte:

- **Ximnasia de mantemento** en Perillo, Oleiros, Santa Cruz, Nos, Mera, Dexo-Lorbé, Iñás e Montrove.
- **Bailes de Salón** en Oleiros, Santa Cruz e Perillo.
- **loga e relaxación** en Perillo, Nos e Sta. Cruz.
- **Obradoiros de Memoria** en Perillo, Oleiros e Iñás
- **Natación** na piscina da Fábrica, para grupos de iniciación e perfeccionamento.

En colaboración con «Paideia»

Nace o programa de voluntariado social

O Concello e a Fundación Paideia rubricaron un convenio para poner en marcha o Servizo de Voluntariado Social, unha canle de colaboración cidadán nas diferentes causas solidarias relacionadas cos servizos sociais, xuventude, deportes ou medio ambiente. Se desexas apuntarte, só tes que chamar a Servizos Sociais (981 610 000).

O Servizo de Voluntariado Social informou xa ós colectivos cidadáns, dos que recaba a máxima implicación para que informen os seus asociados e lles animen a colaborar decididamente nas súas accións.

De momento xa se ofertan prazas do *Servizo de Voluntariado Europeo*, para a xente interesada en realizar servizos deste tipo na UE. A duración destas experiencias europeas incluídas no programa de axuda oscila entre o medio ano e un ano. Os participantes recibirán a cambio formación, financiación das viaxes, un seguro e unha beca de axuda.

Vacacións para Maiores

«Imos a un Balneario»

Varios balnearios de Galicia están agardando a túa visita. Se tes máis de 65 anos podes acollerte a esta convocatoria por un prezo bastante baixo. Carballo, Arteixo, Lugo, Arnoia, Baños de Molgas, Carballiño, Caldas de Reis, Caldelas de Tui, Cruces e Cuntis. O programa divídese en 2 turnos: un ata agosto e outro de setembro a decembro. Os prezos son variados, e van desde as 36.000 ata as 48.500 pts.

Podés solicitar máis información, especialmente sobre as características terapéuticas dos balnearios, ó departamento de Servizos Sociais 981 61 0000.

Arenaza

Prazas libres na Residencia de Día

Moitos dos nosos veciños máis maiores pasan boa parte do día no Pazo de Arenaza, un fermoso lugar onde se realizan moitísimas actividades de entretenemento e saúde. Hai prazas libres, están á túa disposición. Pasalo ben non ten idade.

Chegou o 2000 e con él unha nova chea de propostas culturais. A Fundación Municipal de Cultura aprobou unha programación para que Oleiros siga a ser ese referente de vitalidade e dinamismo que sempre foi. Ademais das propostas das asociacións culturais, veciñais e sociais, e das que organiza o propio departamento de Servicios Sociais, aquí temos moitas ideas para non quedarnos todo o tempo vendo a tele.

Ducias de propostas para o ocio e a cultura



Casa da Cultura de Montrove

Casa da Xuventude

Para «mozos» de calquera idade

A programación da Casa da Xuventude ten un engado especial para esta primeira parte do ano. Estas son algunha das súas propostas. A maioría dos actos son na Fábrica, pero hai máis información na nova Casa da Xuventude, que forma parte dese novo centro. Ah! aquí non hai límites de idade:

- Obradoiro de Teatro, entre febreiro e maio
- Taller de Danzas do Mundo, feb.-marzo
- Sesións nocturnas de observación do ceo «Noites de estrelas», feb.-marzo
- Sesións de convivencia entre institutos, en Lodoselo, 3 días de marzo
- Entende-la arte. Visitas guiadas e divertidas a exposicións e museos.
- Curso de interpretación da herdanza cultural, entre o 10 e o 25 de marzo.
- Excursión ó Antroido da Limia, 4-7 marzo
- Curso de fotografía da natureza, entre marzo e maio. E «fotomatón» Fernando Pereira.
- Homenaxe a Enrique Ayer, en colaboración coas ONGs de axuda ó Desenvolvemento.
- Cursos de monitores e directores de tempo libre, no mes de abril.
- Feira da Cultura africana, en maio
- Conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente, o 5 de xuño
- Sábados en Oleiros e Andares por Galicia e coñece-los parques naturais, excursións de cara á primavera, e programas de tertulias sobre viaxes.
- Obradoiros de Internet.

A programación teatral e musical, outra específica para a xuventude, propostas educativas para despois de clase, e as organizadas polo Sistema de Bibliotecas, forman un completo abano de alternativas pensadas para ofrecer, especialmente á xuventude e, por suposto, tamén a todo aquel que se sinta dinámico, alternativas de ocio. É hora de levanta-lo cu do sofá ou a mirada de diante da videoconsola. Moitos veciños queren participar contigo na aventura diaria de vivir.

Educación

Unha escola moi viva

Os nenos e mozos en idade escolar teñen o seu propio capítulo na dinamización cultural. Ó acaba-la clase ou dentro das horas lectivas hai previstas actividades como o Obradoiro de Xogos infantís, a realización de hortos escolares, sesións de educación cara ó consumo, a chamada «aula da natureza», a excursión sendeirista «as beiras da ría», o programa «os vixiantes da praia» (para coñece-lo estado das praias), as actividades sobre o lixo (tan de actualidade pola recollida selectiva), os programas «conservación de especies ameazadas» e «aprendamos na natureza», así como outro sobre a adolescencia, dirixido a pais.

Actos diversos

Teatro, danza e festas

• Teatro e danza. En marzo, o 11, a compañía Nove dous poñerá en escea «Crimes anónimos», e o 25 o ballet Druida representará «Metamorfosis». Xa en abril, o día 8 virá Tanttanka coa obra de éxito «El florido pensil», e o 29 chega Librescena con «O barbeiro de Sevilla». Esta programación está realizada en colaboración coa Xunta, pero falta por concretar aínda outra tanda que é a realizada en colaboración coa Deputación, aínda sen aprobar. Co organismo provincial prográmanse teatro e títeres, música clásica, e grupos non profesionais de folk-rock e jazz. Esta convocatoria darase a coñecer unha vez fixada.

Entre abril, maio e xuño terá lugar o programa de Teatro Escolar en tódolos centros de ensino, para familiarizar ós alumnos con esta forma expresiva da cultura.

• Antroido. Ademais da gran Festa dos Velloos que cada ano ten lugar no Polideportivo da Rabadeira de Oleiros, son moitas as entidades que organizan a súa propia festa, coas que colabora o Concello. Este ano, cun grupo de animación infantil. Tamén outras festas reciben a colaboración municipal gracias á contratación de grupos de gaiteiros, títeres, bandas de música, grupos de animación ou aluguer de palcos ou tarimas.

• A literatura tamén ten a súa dimensión. Como cada ano, organizará o Día das Letras, e colaborará no concurso literario de Dorneda.

Bibliotecas

Libros para ser libres

O fomento da lectura e o uso dos libros segue a ser un dos puntos fortes da xestión cultural. O Sistema de Bibliotecas preparou, como cada ano, unha extensa oferta: «O conto viaxeiro» e a Exposición de debuxos, con nenos de 1º e 2º de primaria. O concurso de contos e narracións curtas, para tódolos estudantes; as campañas de animación á lectura; os econtros con escritores; a «Hora do conto», os «Libro-fórum» e tertulias literarias; as presentacións de libros, proxeccións de vídeos, as relacións e exposicións bibliográficas e guías de lectura; así como diversas actividades plásticas e manuais, entre outras convocatorias.

Logo de deixa-la súa sede da Rúa Darwin para a Agrupación de Protección Civil, este importante centro dinamizador da vida de Oleiros vaise a un edificio máis xeneroso en espacio, anexo ó Centro Cultural A Fábrica, no mesmo Muelle do Inglés.

A Casa da Xuventude xa está na Fábrica

Con esta nova «adquisición», A Fábrica estase configurando como un punto de referencia social de primeira liña para todo o Concello e incluso a área metropolitana da Coruña.

Situado entre a Ponte do Pasaxe e o Parque José Martí, na parte litoral da parroquia de Perillo, xa integra varios servicios.

A Casa da Xuventude, dependente da Fundación Municipal de Cultura, non cambiou o seu número de teléfono (981 636 598), e xa completou o traslado de tódolos seus medios humanos e materiais.

Xa desde alí, organizou algunhas das últimas actividades, como as xornadas adicadas a Chico Mendes, que se celebraron no Auditorio de A Fábrica tódolos xoves do pasado mes de xaneiro. A Fábrica perfílase así como

un espazo de grande beleza e tranquilidade (a superficie total do edificio sobrepasa os 600 metros cuadrados), completamente alleo ó intenso tráfico que soporta o lugar, e sirveu tamén para recuperar un simbólico edificio da zona urbana Guyatt-Pasaxe.

Tamén supoñerá unha útil alternativa de ocio para quen moitas veces carece de canles para desenvolver os seus pulos creativos en liberdade.

A Casa conta cun punto de Información Xuvenil para organizar viaxes, intercambios e todo o que desexes; tamén ten acceso a internet, organiza cursos, xornadas e experiencias, e conta co centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, que recibe numerosas publicacións interesantes.



A Casa da Xuventude

A Escola de Música comeza a sonar en marzo

Está xa todo disposto para que bote a andar a Escola Municipal de Música, logo de ter resolto o concurso municipal para a xestión deste centro, que pretende servir de escola musical para tódolos veciños que desexen tocar algún instrumento.

Nos días previos chamarán ós cidadáns que se interesaron pola iniciativa, para informar das condicións, formar grupos e comezar a andar.

En principio, a oferta docente abrangue percusión, teclados, violín, violoncello, clarinete, trompa, gaita, piano, guitarra clásica e eléctrica, frauta, saxofón, trompeta e canto.

Para os máis novos hai un módulo de música e movemento; para todos práctica instrumental, actividades de conxunto e formación musical complementaria.

Máis información, na FMC 981 610 000.

Obituario

Este fin de ano foise Santi Gallego Picard



—Por Manuel Freire

O día de fin de ano, un trágico accidente de automóbil acabou coa vida de Santiago Gallego Picard, un mozo de 31 anos moi querido en Oleiros.

Con Santi vaisenos, ademais dunha vida, un compañeiro e veciño, e un defensor da natureza.

Se quixeramos definir nunha palabra a súa traxectoria vital, deberíamos dicir activo, animador, sensible...

Foi membro (naturalmente traballando sempre) de numerosos grupos de defensa da natureza (Hábitat, FEG, Cenar,...). Claro que a

súa primeira achega ó Medio Ambiente foi dende Oleiros, nese crisol ecolóxico da educación ambiental e as continuas actividades que se organizan dende finais dos anos 70 ata hoxe.

Hai que destacar a súa animación de colectivos durante o seu paso pola Universidade da Coruña. Santi era sobre todo un animador, e tamén un pioneiro, introductor en Galicia de novas ideas sobre os Espacios Naturais. Dende Francia aportou algunhas anovadoras técnicas de xestión de Parque Naturais (cando en Galicia nin sequera

estaba claro que lugares estaban protexidos). Atento sempre ó que se “cociñaba” en Europa, tamén se interesaba pola educación ambiental e por unha nova actividade que el axudou a introducir na nosa terra: a Interpretación ambiental. De feito traballou no Parque de Corrubedo como de guía da natureza e conservador.

Era tamén un consumado naturalista, interesado en todo, non só no mundo das aves. Durante estes últimos anos o seu traballo profesional derivou cara a Escola-Obradoiro de Rianxo, recoñecida por traballar na recuperación

das embarcacións tradicionais. Santi coordinaba un módulo de turismo natural, algo no que estaba empeñado ata os derradeiros días.

Inquedo sempre polos temas de conservación, traballaba tamén no estudo das Lagoas de Xuño e Muro, que non foran incluídas no Parque Natural de Corrubedo.

Alí, nas dunas vellas, onde medran prantas únicas e acarón da Duna grande, foron esparexidas as súas cinzas. Nese momento levantaban o voo un bando de mazariños. Corrubedo é agora unha paraxe máis entrañable para nós.

Un total de 16 convocatorias, ademais dos variados cursiños deportivos de verán, agárdan-nos neste ano que comeza. Cursos, trofeos, convivencias deportivas interescolares... todo esto ven sumarse á enorme oferta deportiva que teñen en marcha as diversas entidades e clubs deportivos de Oleiros.

Un 2000 ben deportivo

Actividades acuáticas, ó aire libre, en pabillóns ou mesmo nas praias, son sempre un punto de referencia alá cando chega a primavera. Pero o resto do ano tamén existen actividades. Este é un resume das que terán lugar durante o 2000.

Relacionadas coa auga e o noso privilexio de ser un concello con tan fermoso litoral organízanse os cursos de vela e remo, a escola acuática de natación, a de waterpolo, a multideportiva, a infantil, a de adultos e a de bebés e embarazadas. Tamén está prevista a realización do campionato de surf e bodyboard, a bandeira de traíñas e a regata de bateis.

Outras competicións son a clásica triatlón (natación, bici e carreira) e unha duatlón para categorías inferiores, con só bici e carreira; a clásica Volta ciclista a Oleiros e os torneos de fútbol e fútbol sala, así como o I Aberto de bicicleta de monte.

Outras chamadas deportivas serán o campionato de tenis de mesa, o de hoquei sala e hoquei herba, a concentración de judo e o curso de iniciación á escalada deportiva, no novo rocódromo de Canide.

No capítulo da convivencia deportiva están programadas dúas olimpíadas intercentros,



A auga da Fábrica

Amable coma sempre, a auga da piscina é un gran espazo de convivencia. Agardando a nova instalación que se abrirá próximamente no alto de Perillo, na Fábrica están desenvolvéndose as actividades náuticas que constantemente programa o departamento de

Deportes, das que se benefician moitos veciños. Estes pais que xogan cos seus pequenos son unha boa mostra do relaxante momento. Tamén hai actividades para maiores, embarazadas, escolares... cursiños de natación e, por suposto, pode ir nadar todo o que queira. Información en Deportes (981 610000) ou na propia instalación da Fábrica (981 636 598).

unha dirixida a colexios e outra a institutos de ensino medio. Ademais, convócase un concurso de fotografía deportiva, con importantes premios.

Unha das actividades máis agardadas de tódalas programadas polo servizo de deportes é a dos deportes de verán, no que participan boa parte dos escolares de Oleiros e que manteñen a vitalidade especial da época de mais lecer. Coma sempre, haberá actividades de patinaxe, vela, remo, futbito, baloncesto, volei-praia, natación, tenis, etc.

Unha praia máis cómoda

¿Fas deporte en Bastiagueiro?

■ *Chamamento ás peñas, para coordinar os servizos da praia*

Se tes por costume ir xogar a esta praia os fins de semana pola mañá, ou coñeces a alguén que o faga, ponte en contacto co servizo de Deportes do Concello (981 610 000) para colaborar na organización da praia.

Queremos poñer a disposición dos usuarios uns locais que quedaron libres tra-las recentes obras, nos que se poden gardar materiais como porterías, balóns, redes, etc. e incluso habilitar unhas duchas

para os que ides no inverno.

Moitos dos usuarios de Bastiagueiro son grupos de amigos ou peñas que resultan difíciles de localizar, polo que se encarece a colaboración de tódolos que poidan coñecer a alguén.

Son dúcias de veciños os que cada fin de semana se achegan á praia para votar o partido de fútbol, voleybol, facer ximnasia ou simplemente correr. Tamén hai quen practica surf, e xa están gardando as cousas nun dos locais da praia.

Outro aviso é para os condutores. Anque durante o inverno esta-se permitindo, no verán prohibira-se estacionar nos accesos á praia. Hai un gran parking próximo, ó outro lado de Che Guevara.

Escolas


Máis de 200 rapaces no fútbol-sala

Tres categorías e máis de 200 chavales toman parte nas eliminatorias, que ocuparán os pabillóns durante os próximos meses. Os equipos que competirán no campionato son, na categoría alevín cos colexios públicos Rabadeira, Valle Inclán, Parga

Pondal (APA «Bidueiro») e Luis Seoane-Marino.

En canto ós ben-xamíns, repiten os mesmos clubs, e na categoría iniciación son os da Rabadeira, Santa Cruz e o Luis Seoane-Marino, de Mera.





O gran espacio verde

Pouco a pouco, unha ampla zona de bosque situada entre Bastiagueiro, Perillo, Montrove e a vella igrexa de Liáns, vai tomando forma do que co tempo chegará a ser: un enorme parque forestal, que se coñece xa como Parque Metropolitano.

Unha das obras máis importantes para o futuro de Oleiros non se pode facer da noite para a mañá. É preciso ir mercando terreo ós seus propietarios, ata dispoñer de toda a superficie para ser utilizada polos veciños como área de esparcemento. Este «triángulo verde» leva anos previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal, que ten como obxecto preservar os grandes valores naturais desta zona, e impedir a súa desaparición como espacio natural.

Tal e como se recolle no informe urbanístico do Parque, potenciárase o arborado e o soutobosque, e recuperárase a canle do regato da Angueira; ademais da creación dun Xardín Botánico

Forestal. O espacio verá mellorado o seu acceso, creando áreas de recepción e recuperando a trama viaria interna para o paseo peatonal e sinalizando percorridos e itinerarios.

O parque servirá tamén para completar algunhas actividades docentes e de investigación que se leven a cabo no Pazo de Lóngora e o Castelo de Santa Cruz, centros clave da actividade medioambiental da Universidade da Coruña.

O documento base que o Concello está manexando para a xestión previa do parque, prevé unha morea de documentos técnicos que farán do Metropolitano un conxunto para o disfrute cidadán. Desde proxectos de acondicionamento, obras ordinarias, edificacións e instalación, ata proxectos de reforestación, cos seus correspondentes estudos de impacto ambiental. Tamén se están a elaborar estudos de detalle de integración paisaxística para o desenvolvemento de áreas de servi-

zos e dotacionais do gran parque.

A superficie total divídese en 251.000 m² de parque forestal extensivo; 20.000 m² de áreas dotacionais; 58.000 m² de canles públicas, cos seus correspondentes áreas de rexeneración da vexetación, e por último, 71.000 m² de pradería extensiva, que son espacios abertos en terrazas escasamente forestados, para que sexan repoboados con especies adecuadas.

Ademais, no sistema viario distínguense vías para camiñar, e outras mixtas (para pasear e andar en bici), áreas de aparcamento e miradoiros.

En total, o parque costará ó Concello, uns 500 millóns de pesetas, dos que 360 son para a compra de terreo e 119 a obras diversas. As prioridades apuntan a unha primeira fase desde a Avda. Che Guevara ata a Igrexa de Liáns, e unha segunda, desde alí ó fondo de Lamastelle.

Un «obradoiro de emprego»

O «Obradoiro de Emprego Parque de Liáns» é un proxecto do Centro Municipal de Formación que beneficiará un total de 45 desempregados maiores de 25 anos

Cunha duración dun ano, os alumnos van recibir formación teórica e práctica nas especialidades de Bioxardinería, Auxiliar forestal e Auxiliar de viveiro forestal. A duración de cada unha das fases é de 960 horas impartidas durante 8 horas cada día.

O obxecto da obra vai ser a restauración e acondicionamento dunha parte deste futuro Parque Metropolitano, en concreto unha ladeira do monte Sino, con caída sobre a praia de Bastiagueiro, cunha extensión de 400.000 m².

Con esta iniciativa, o Concello continúa a súa política de combinar formación e servizo ós veciños e á calidade urbana de Oleiros.

Establece-las medidas que garanticen a protección paisaxística e ecolóxica do lugar, defini-las criterios de conservación e potenciación das vías e sendeiros existentes así como a apertura doutros novos, e establecer conexións con zonas periféricas, e elaborar unha zonificación según as características do solo, vexetación, orientación e as conexións, son outros fins deste Obradoiro de Emprego que debe financiar a Xunta de Galicia.

